

CEIP A MAÍA  
PROGRAMACIÓN DE  
EDUCACIÓN FÍSICA  
6º NIVEL  
CURSO 2018/19

## Contido

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN .....	2
2.- OBXECTIVOS DA ETAPA.....	4
3. COMPETENCIAS CLAVE.....	5
4. CONCRECIÓN CURRICULAR .....	6
5.- PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN. ....	21
6.- DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL .....	21
7.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN. ....	22
8.– AVALIACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN. ....	24
9.- ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E OS REFORZOS.....	25
10.- METODOLOXÍA, MATERIAIS E RECURSOS.....	26
11.- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. ....	30
12. EDUCACIÓN EN VALORES E CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA AO PLAN DE CONVIVENCIA.....	31
13. FOMENTO DA LECTURA , TRATAMENTO DAS TIC E CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO.....	32
14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES. ....	33
15.- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN .....	35
16.- AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE .....	56
17.- AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO .....	57

## **1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN**

O curso de sexto de primaria está composto por setenta e seis alumnos/as. Tres alumnas/os teñen un ano máis que o resto.

Os grupos están formados por corenta e dous nenos e trinta e catro nenas, divididos en tres clases.

Son grupos bastante homoxéneos en canto á súa competencia motriz, non habendo ningún neno/a que presente problemas ou incapacidades motoras.

Esta programación deséñase tendo como referencia os “Criterios de avaliación” marcados no DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, que se especifican e concretan nos “Estándares de aprendizaxe”.

Para comezar a construír esta programación comezouse por distribuír os estándares de aprendizaxe nos tres trimestre do curso escolar, para así evitar que quede algún criterio sen avaliar.

Todos os estándares do Bloque 1 e do Bloque 2 aparecen nos tres trimestres, posto que son comúns para a área os do primeiro bloque e, trabállanse ao longo de todo o curso os que están relacionados co corpo a súa imaxe e percepción (Bloque, 2). Estándares de Os Xogo e Actividades Deportivas (Bloque 6), aparecen ao mesmo tempo en dous trimestres posto que o xogo será o eixe de toda a fundamentación pedagóxica nesta programación, xa que o que se pretende é que os alumnos, tomen conciencia das súas posibilidades, gocen e progresen dun xeito lúdico.

A programación concrétese en doce unidades de traballo (“Unidades Didácticas”). Despois tómase como punto de partida a sesión que será cada unha das situacións educativas a través das que as Unidades didácticas se desenvolven.

O título de cada unha das Unidades Didácticas define a pretensión final de cada unha delas.

As Unidades Didácticas a desenvolver neste curso son as seguintes:

<b>1º Trimestre</b>		
<b>Unidade Didáctica</b>	<b>Data</b>	<b>Nº sesións</b>
Empezamos o curso	Setembro	6 sesións
Hixiene e saúde	Outubro	6 sesións
Condición física	Outubro/novembro	8 sesións
Iniciación ao Atletismo	Novembro/décembro	8 sesións
<b>2º Trimestre</b>		
<b>Unidade Didáctica</b>	<b>Data</b>	<b>Nº sesións</b>
Habilidades Ximnásticas	Xaneiro/febreiro/marzo	8 sesións
Expresión corporal (*)	Xaneiro/febreiro	4 sesións
Deportes adaptados: Baloncesto	Xaneiro/febreiro	6 sesións
Deportes adaptados: Voleibol	Febreiro/marzo	6 sesións
<b>3º Trimestre</b>		
<b>Unidade Didáctica</b>	<b>Data</b>	<b>Nº sesións</b>
Novos Deportes: Bádminton	Marzo/abril	6 sesións
Deportes alternativos	Abril/maio	7 sesións
Xogos Populares e Tradicionais	Maio	5 sesións
Actividades na natureza e no patio	Xuño	6 sesións

(\*) Esta Unidade Didáctica desenvolverase ao mesmo tempo que “Habilidades Ximnásticas”.

## **2.- OBXECTIVOS DA ETAPA**

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

### **3. COMPETENCIAS CLAVE**

1.º Comunicación lingüística (CCL).

2.º Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).

3.º Competencia dixital (CD).

4.º Aprender a aprender (CAA).

5.º Competencias sociais e cívicas (CSC).

6.º Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

7.º Conciencia e expresións culturais (CCEC).

## 4. CONCRECIÓN CURRICULAR

PRIMEIRO TRIMESTRE				
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVES
<p>- Coñecer e valorar a diversidade de actividades físicas, lúdicas e deportivas como elementos culturais, mostrando unha actitude crítica tanto desde a perspectiva de participante como de espectador.</p>	<p>- Valoración e aceptación da propia realidade corporal e da dos demais.</p> <p>- Adopción de actitudes de colaboración, tolerancia, respecto e resolución pacífica dos conflitos na práctica de xogos e outras actividades físicas.</p> <p>- Seguridade e confianza en si mesmo e nos demais.</p> <p>- Actitudes de aceptación, respecto e valoración cara a un mesmo, aos compañeiros e compañeiras e ao medio.</p>	<p>B1.1. Opinar coherentemente con actitude crítica, tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos e das demais.</p>	<p>EFB1.1.1. Adopta unha actitude crítica ante as modas e a imaxe corporal dos modelos publicitarios.</p>	<p>CSC CAA CSIEE</p>
			<p>EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros e compañeiras as características dun xogo practicado na clase e o seu desenvolvemento.</p>	<p>CCL CAA CSC</p>
			<p>EFB1.1.3. Recoñece e cualifica negativamente as condutas inapropiadas que se producen na práctica ou nos espectáculos deportivos.</p>	<p>CSC CAA CSIEE</p>
			<p>EFB1.1.4. Demostra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades.</p>	<p>CSC CSIEE CAA</p>
<p>- Utilizar con propiedade as tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.</p>	<p>- Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, relacionada coa área.</p> <p>- Integración nas tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe.</p>	<p>B1.2. Extraer e elaborar información relacionada con temas de interese na etapa, e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a</p>	<p>EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita.</p>	<p>CD CAA</p>
			<p>EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo ás pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza e utilizando programas de presentación.</p>	<p>CCL CD CAA</p>
			<p>EFB1.2.3. Expón as súas ideas de forma</p>	<p>CCL</p>

Programación da Área de Educación Física para Sexto de Primaria

		comunicación como recurso de apoio á área.	coherente e exprésase de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.	CSC
<p>- Desenvolver a iniciativa individual e o hábito de traballo en equipo, aceptando as normas e regras que previamente se establezan.</p>	<p>- Implicación activa en actividades motrices diversas, recoñecendo e aceptando as diferenzas individuais no nivel de habilidade.</p> <p>- Uso correcto de materiais e espazos na práctica da Educación física.</p> <p>- O coidado do corpo e a consolidación de hábitos de hixiene corporal.</p> <p>- Aceptación de formar parte do grupo que lle corresponda, do papel a desempeñar no mesmo e da aceptación dos resultados.</p> <p>-Coñecemento da normativa básica de circulación en rúas e estradas.</p>	<p>B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e ás demais persoas nas actividades físicas, en distintos contornos incluíndo a natural e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.</p>	EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.	CSC CAA
			EFB1.3.2. Demostra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade e creatividade.	CSIEE CAA CCEC
			EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.	CSC CSIEE CAA
			EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.	CSC
			EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.	CSC CAA
			EFB1.3.6. Recoñece e respecta as normas de educación viaria en contornos habituais e non habituais.	CSC CAA
<p>- Regular e dosificar o esforzo, chegando a un nivel de autoesixencia acorde coas súas posibilidades e coa natureza da tarefa, desenvolvendo actitudes de tolerancia e respecto ás posibilidades e limitacións</p>	<p>- Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a das demais persoas mostrando unha actitude crítica cara ao modelo estético-corporal socialmente vixente.</p> <p>- Seguridade, confianza nun</p>	<p>B2.1. Valorar, aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais, mostrando unha actitude reflexiva e crítica.</p>	EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.	CSC CAA
			EFB2.1.2. Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades.	CSC CAA CSIEE



Programación da Área de Educación Física para Sexto de Primaria

dos demais.	mesmo e nas demais persoas. - Autonomía persoal: autoestima, expectativas realistas de éxito.			
- Consolidar as formas básicas de desprazamentos, saltos e lanzamentos.	- Carreiras de velocidade, relevos e obstáculos. - Saltos de lonxitude e altura.	B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.	EFB3.1.1. Adapta os desprazamentos a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.	CSC CCEC CAA CSIEE
			EFB3.1.2. Adapta a habilidade motriz básica de salto a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.	CSC CCEC CAA CSIEE
- Adquirir, elixir e aplicar principios e regras para resolver problemas motores e actuar de xeito eficaz e autónomo na práctica de actividades artístico-expresivas.	-Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, xenéricas e específicas e da condición física, participando en actividades artístico-expresivas. Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as montaxes ou coreografías de actividades artístico-expresivas (espazos, materiais, tempos...) para adaptalas ás necesidades do grupo.	B4.2. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades artístico-expresivas.	EFB4.2.1. Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nas actividades expresivas.	CMCCT CSC CAA
			EFB4.2.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices implicadas nas actividades artístico-expresivas.	CMCCT CAA CSC

Programación da Área de Educación Física para Sexto de Primaria

<p>- Consolidar hábitos de saúde e hixiene na actividade de Educación Física.</p>	<p>- Realización do quecemento. - Consolidación de hábitos axeitados no coidado do corpo e a saúde. - Identificación dos cambios que se producen no mecanismo respiratorio e cardiovascular durante e despois do exercicio. - Coñecemento das normas básicas de alimentación.</p>	<p>B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo.</p>	<p>EFB5.1.1. Interésase por mellorar as capacidades físicas. EFB5.1.2. Relaciona os principais hábitos de alimentación coa actividade física (horarios de comidas, calidade/cantidade dos alimentos inxeridos etc.). EFB5.1.3. Recoñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e os prexudiciais do sedentarismo, dunha dieta desequilibrada e do consumo de alcohol, tabaco e outras substancias.. EFB5.1.4. Adopta e promove hábitos posturais axeitados na súa vida cotiá e na práctica da actividade física, recoñecendo a súa importancia para saúde. EFB5.1.5. Realiza o quecemento de forma autónoma e sistemática, valorando a súa función preventiva.</p>	<p>CSIEE CAA CSC CAA CMCT CSC CAA CMCCT CSC CAA CCL CSIEE CMCCT CSC CAA CSIEE</p>
<p>- Coñecer e practicar xeitos de desenvolver a resistencia. - Aprender a dosificar o esforzo.</p>	<p>- Actividades para aprender e dominar a toma de pulso. - Acondicionamento físico orientado á mellora da execución das habilidades motrices. Mellora da flexibilidade e da resistencia, e exercitación globalizada da forza e da velocidade.</p>	<p>B5.2. Mellorar o nivel das súas capacidades físicas, regulando e dosificando a intensidade e duración do esforzo, tendo en conta as súas posibilidades e a súa relación coa saúde.</p>	<p>EFB5.2.1. Mostra unha mellora global con respecto ao seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde. EFB5.2.2. Identifica a súa frecuencia cardíaca e respiratoria, en distintas intensidades de esforzo.</p>	<p>CAA CSIEE CSC CAA CMCCT CSC</p>

Programación da Área de Educación Física para Sexto de Primaria

			EFB5.2.3. Adapta a intensidade do seu esforzo ao tempo de duración da actividade.	CAA CSIEE CSC
			EFB5.2.4. Identifica o seu nivel comparando os resultados obtidos en probas de valoración das capacidades físicas e coordinativas cos valores correspondentes á súa idade	CAA CMCCT CSC
- Recoñecer e prever os posibles riscos derivados da práctica da actividade física.	- Medidas básicas de prevención e medidas de seguridade na práctica da actividade física. Uso axeitado de materiais e espazos. - Valoración da actividade física para o mantemento e a mellora da saúde.	B5.3. Identificar e interiorizar a importancia da prevención, a recuperación e as medidas de seguridade na realización da práctica da actividade física.	EFB5.3.1. Explica e recoñece as lesións e enfermidades deportivas máis comúns, así como as accións preventivas e os primeiros auxilios básicos.	CCL CAA CSC CMCCT

SEGUNDO TRIMESTRE				
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVES
- Coñecer e valorar a diversidade de actividades físicas, lúdicas e deportivas como elementos culturais, mostrando unha actitude	- Valoración e aceptación da propia realidade corporal e da dos demais. - Adopción de actitudes de colaboración, tolerancia,	B1.1. Opinar coherentemente con actitude crítica, tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou	EFB1.1.1. Adopta unha actitude crítica ante as modas e a imaxe corporal dos modelos publicitarios.	CSC CAA CSIEE
			EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros e compañeiras as características dun xogo	CCL

Programación da Área de Educación Física para Sexto de Primaria

crítica tanto desde a perspectiva de participante como de espectador.	respecto e resolución pacífica dos conflitos na práctica de xogos e outras actividades físicas. - Seguridade e confianza en si mesmo e nos demais. - Actitudes de aceptación, respecto e valoración cara a un mesmo, aos compañeiros e compañeiras e ao medio.	espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos e das demais.	practicado na clase e o seu desenvolvemento.	CAA CSC
			EFB1.1.3. Recoñece e cualifica negativamente as condutas inapropiadas que se producen na práctica ou nos espectáculos deportivos.	CSC CAA CSIEE
			EFB1.1.4. Demostra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades.	CSC CSIEE CAA
- Utilizar con propiedade as tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.	- Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, relacionada coa área. - Integración nas tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe.	B1.2. Extraer e elaborar información relacionada con temas de interese na etapa, e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.	EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita.	CD CAA
			EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo ás pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza e utilizando programas de presentación.	CCL CD CAA
			EFB1.2.3. Expón as súas ideas de forma coherente e exprésase de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.	CCL CSC
- Desenvolver a iniciativa individual e o hábito de traballo en equipo, aceptando as normas e regras que previamente se establezan.	- Implicación activa en actividades motrices diversas, recoñecendo e aceptando as diferenzas individuais no nivel de habilidade. - Uso correcto de materiais e espazos na práctica da Educación física. - O coidado do corpo e a consolidación de hábitos de	B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e ás demais persoas nas actividades físicas, en distintos contornos incluíndo a natural e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e	EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.	CSC CAA
			EFB1.3.2. Demostra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade e creatividade.	CSIEE CAA CCEC
			EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.	CSC CSIEE CAA

Programación da Área de Educación Física para Sexto de Primaria

	<p>hixiene corporal.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Aceptación de formar parte do grupo que lle corresponda, do papel a desempeñar no mesmo e da aceptación dos resultados.</li> <li>-Coñecemento da normativa básica de circulación en rúas e estradas.</li> </ul>	<p>actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.</p>	<p>EFB1.3.4. Participa na recollida e organización do material utilizado nas clases.</p>	<p>CSC</p>
			<p>EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.</p>	<p>CSC CAA</p>
			<p>EFB1.3.6. Recoñece e respecta as normas de educación viaria en contornos habituais e non habituais.</p>	<p>CSC CAA</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Regular e dosificar o esforzo, chegando a un nivel de autoesixencia acorde coas súas posibilidades e coa natureza da tarefa, desenvolvendo actitudes de tolerancia e respecto ás posibilidades e limitacións dos demais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a das demais persoas mostrando unha actitude crítica cara ao modelo estético-corporal socialmente vixente.</li> <li>- Seguridade, confianza nun mesmo e nas demais persoas.</li> <li>- Autonomía persoal: autoestima, expectativas realistas de éxito.</li> </ul>	<p>B2.1. Valorar, aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais, mostrando unha actitude reflexiva e crítica.</p>	<p>EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.</p>	<p>CSC CAA</p>
			<p>EFB2.1.2. Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades.</p>	<p>CSC CAA CSIEE</p>

Programación da Área de Educación Física para Sexto de Primaria

<p>- Consolidar os xeitos básicos de xiros arredor dos eixes lonxitudinal, transversal e anteroposterior.</p> <p>- Desenvolver a axilidade e o equilibrio dinámico.</p> <p>- Iniciar algúns xeitos de saltos en aparatos.</p> <p>- Iniciar as técnicas básicas de lanzamento, recepción, pase e golpeo en xogos de baloncesto e voleibol.</p>	<p>- Xiros sobre os eixes transversal, lonxitudinal e anteroposterior.</p> <p>- Equilibrios invertidos.</p> <p>- Saltos sobre aparatos e implementos.</p> <p>- Realización combinada de desprazamentos, saltos, xiros, lanzamentos e recepcións.</p>	<p>B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.</p>	<p>EFB3.1.2. Adapta a habilidade motriz básica de salto a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.</p>	<p>CSC CCEC CAA CSIEE</p>
			<p>EFB3.1.3. Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo, etc.) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, aplicando correctamente os xestos e utilizando os segmentos dominantes e non dominantes.</p>	<p>CSC CCEC CAA CSIEE</p>
			<p>EFB3.1.4. Aplica as habilidades motrices de xiro a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, tendo en conta os tres eixes corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.</p>	<p>CSC CCEC CAA CSIEE</p>
			<p>EFB3.1.5. Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.</p>	<p>CSC CAA CSIEE</p>

Programación da Área de Educación Física para Sexto de Primaria

<p>- Coñecer e utilizar as distintas manifestacións do movemento expresivo: mimo, dramatización e danza.</p>	<p>- O corpo e o movemento. Exploración e conciencia das posibilidades e recursos da linguaxe corporal con espontaneidade e creatividade. - Danzas colectivas. - Xogos de improvisación a partires de consignas sinxelas.</p>	<p>B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.</p>	<p>EFB4.1.1. Representa personaxes, situacións, ideas, sentimentos, utilizando os recursos expresivos do corpo individualmente, en parellas ou en grupos.</p>	<p>CCEC CSC CAA</p>
			<p>EFB4.1.2. Representa ou expresa de forma creativa movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente, en parellas ou grupos.</p>	<p>CCEC CSC CAA</p>
			<p>EFB4.1.3. Coñece, propón e leva a cabo bailes e danzas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía establecida.</p>	<p>CCEC CAA CSC CSIEE</p>
			<p>EFB4.1.4. Constrúe e leva a cabo composicións grupais en interacción cos compañeiros e compañeiras utilizando os recursos expresivos do corpo e partindo de estímulos musicais, plásticos ou verbais.</p>	<p>CCEC CAA CSC</p>
<p>- Desenvolver a iniciativa individual e o hábito de traballo en equipo, aceptando as normas e regras dos xogos de baloncesto e voleibol.</p>	<p>- Estratexias de cooperación, oposición, cooperación-oposición e os seus roles. - Código de xogo limpo. - Habilidades básicas nos deportes.</p>	<p>B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades</p>	<p>EFB6.1.1. Utiliza os recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en diferentes situacións motrices.</p>	<p>CSC CSIEE CAA</p>
			<p>EFB6.1.2. Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais.</p>	<p>CAA CSIEE CSC</p>

Programación da Área de Educación Física para Sexto de Primaria

<p>- Coñecer deportes colectivos: baloncesto e voleibol. - Utilizar e aplicar a manipulación do balón nos xogos predeportivos. - Iniciar o golpeo de móbiles nos xogos deportivos.</p>	<p>- O xogo do baloncesto. - Exercicios de manexo e adaptación do balón. - Coordinación óculo-man. - Golpeos de balón - Regras elementais e básicas do xogo de voleibol.</p>	<p>B6.3. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físico-deportivas.</p>	<p>EFB6.3.1. Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nos exercicios.</p>	<p>CMCCT CSC CAA</p>
			<p>EFB6.3.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices.</p>	<p>CMCCT CAA CSC</p>
			<p>EFB6.3.3. Distingue na práctica de xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.</p>	<p>CMCCT CAA CSC</p>
			<p>EFB6.3.4. Describe os exercicios realizados, usando os termos e coñecementos que sobre o aparello locomotor se desenvolven na área de Ciencias da natureza.</p>	<p>CMCCT CCL CSC CAA</p>

TERCEIRO TRIMESTRE				
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVES
<p>- Coñecer e valorar a diversidade de actividades físicas, lúdicas e deportivas como elementos culturais, mostrando unha actitude crítica tanto desde a perspectiva de participante</p>	<p>- Valoración e aceptación da propia realidade corporal e da dos demais. - Adopción de actitudes de colaboración, tolerancia, respecto e resolución pacífica dos conflitos na práctica de</p>	<p>B1.1. Opinar coherentemente con actitude crítica, tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións</p>	<p>EFB1.1.1. Adopta unha actitude crítica ante as modas e a imaxe corporal dos modelos publicitarios.</p>	<p>CSC CAA CSIEE</p>
			<p>EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros e compañeiras as características dun xogo practicado na clase e o seu desenvolvemento.</p>	<p>CCL CAA CSC</p>



Programación da Área de Educación Física para Sexto de Primaria

como de espectador.	xogos e outras actividades físicas. - Seguridade e confianza en si mesmo e nos demais. - Actitudes de aceptación, respecto e valoración cara a un mesmo, aos compañeiros e compañeiras e ao medio.	conflictivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos e das demais.	EFB1.1.3. Recoñece e cualifica negativamente as condutas inapropiadas que se producen na práctica ou nos espectáculos deportivos.	CSC CAA CSIEE
			EFB1.1.4. Demostra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades.	CSC CSIEE CAA
- Utilizar con propiedade as tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.	- Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, relacionada coa área. - Integración nas tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe.	B1.2. Extraer e elaborar información relacionada con temas de interese na etapa, e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.	EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita.	CD CAA
			EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo ás pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza e utilizando programas de presentación.	CCL CD CAA
			EFB1.2.3. Expón as súas ideas de forma coherente e exprésase de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.	CCL CSC
- Desenvolver a iniciativa individual e o hábito de traballo en equipo, aceptando as normas e regras que previamente se establezan.	- Implicación activa en actividades motrices diversas, recoñecendo e aceptando as diferenzas individuais no nivel de habilidade. - Uso correcto de materiais e espazos na práctica da Educación física. - O coidado do corpo e a consolidación de hábitos de	B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e ás demais persoas nas actividades físicas, en distintos contornos incluíndo a natural e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e	EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.	CSC CAA
			EFB1.3.2. Demostra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade e creatividade.	CSIEE CAA CCEC
			EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.	CSC CSIEE CAA
			EFB1.3.4. Participa na recollida e	CSC

Programación da Área de Educación Física para Sexto de Primaria

	<p>hixiene corporal.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Aceptación de formar parte do grupo que lle corresponda, do papel a desempeñar no mesmo e da aceptación dos resultados.</li> <li>-Coñecemento da normativa básica de circulación en rúas e estradas.</li> </ul>	<p>iniciativa individual e traballo en equipo.</p>	<p>organización do material utilizado nas clases.</p>	
			<p>EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.</p>	<p>CSC CAA</p>
			<p>EFB1.3.6. Recoñece e respecta as normas de educación viaria en contornos habituais e non habituais.</p>	<p>CSC CAA</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Regular e dosificar o esforzo, chegando a un nivel de autoesixencia acorde coas súas posibilidades e coa natureza da tarefa, desenvolvendo actitudes de tolerancia e respecto ás posibilidades e limitacións dos demais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a das demais persoas mostrando unha actitude crítica cara ao modelo estético-corporal socialmente vixente.</li> <li>- Seguridade, confianza nun mesmo e nas demais persoas.</li> <li>- Autonomía persoal: autoestima, expectativas realistas de éxito.</li> </ul>	<p>B2.1. Valorar, aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais, mostrando unha actitude reflexiva e crítica.</p>	<p>EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.</p>	<p>CSC CAA</p>
			<p>EFB2.1.2. Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades.</p>	<p>CSC CAA CSIEE</p>

Programación da Área de Educación Física para Sexto de Primaria

<p>- Iniciar as técnicas básicas de lanzamento, recepción, pase e golpeo en xogos de bádminton e deportes alternativos.</p> <p>- Utilizar a manipulación de obxectos (stick, raquetas,...) en situacións de xogo.</p> <p>- Coñecer e realizar actividades propias do medio natural.</p>	<p>- Conducións e lanzamentos con stick.</p> <p>- Exercicios con raqueta e voante.</p> <p>- Xogos no medio natural.</p>	<p>B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.</p>	<p>EFB3.1.3. Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo etc.) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, aplicando correctamente os xestos e utilizando os segmentos dominantes e non dominantes.</p>	<p>CSC CCEC CAA CSIEE</p>
			<p>EFB3.1.6. Realiza e propón actividades físicas e xogos no medio natural ou en contornos non habituais, adaptando as habilidades motrices á diversidade e incerteza procedente do contorno e ás súas posibilidades.</p>	<p>CSC CAA CSIEE</p>
<p>- Desenvolver a iniciativa individual e o hábito de traballo en equipo, aceptando as normas e regras dos xogos de baloncesto e voleibol.</p>	<p>- Estratexias de cooperación, oposición, cooperación-oposición e os seus roles.</p> <p>- Código de xogo limpo.</p> <p>- Habilidades básicas nos deportes.</p>	<p>B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades.</p>	<p>EFB6.1.1. Utiliza os recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en diferentes situacións motrices.</p>	<p>CSC CSIEE CAA</p>
			<p>EFB6.1.2. Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais.</p>	<p>CAA CSIEE CSC</p>
<p>- Coñecer, comprender e practicar xogos e deportes</p>	<p>- Xogos populares e tradicionais de Galicia.</p>	<p>B6.2. Coñecer, valorar e poñer en práctica a</p>	<p>EFB6.2.1. Expón as diferenzas, características e/ou relacións entre xogos</p>	<p>CCL CCEC</p>

Programación da Área de Educación Física para Sexto de Primaria

tradicional e populares de Galicia, como elementos para coñecer a súa historia e costumes.		diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia.	populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades na natureza.	CAA CSC
			EFB6.2.2. Recoñece a riqueza cultural, a historia e a orixe dos xogos e os deportes tradicionais de Galicia.	CCEC CAA CSC
			EFB6.2.3. Realiza e pon en valor distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia respectando os principios e regras específicas destes.	CCEC CAA CSC
- Coñecer novos deportes. - Descubrir as posibilidades motrices que oferta a raqueta, o bate ou o stick. - Realizar diferentes tipos de golpeos.	- Exercicios de familiarización coa raqueta, o bate e o stick. - Xogo de bádminton individual e por parellas.	B6.3. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físico-deportivas.	EFB6.3.1. Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nos exercicios.	CMCCT CSC CAA
			EFB6.3.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices.	CMCCT CAA CSC
			EFB6.3.3. Distingue na práctica de xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.	CMCCT CAA CSC
			EFB6.3.4. Describe os exercicios realizados, usando os termos e coñecementos que sobre o aparello locomotor se desenvolven na área de Ciencias da natureza.	CMCCT CCL CSC CAA
- Coñecer e realizar actividades propias do medio natural.	- Realización de percorridos e itinerarios, buscando e escondendo balizas e	B6.4. Manifestar respecto cara á contorno e o medio natural nos xogos e	EFB6.4.1. Faise responsable da eliminación dos residuos que se xeran nas actividades no medio natural.	CSC CAA

Programación da Área de Educación Física para Sexto de Primaria

<ul style="list-style-type: none"> <li>- Situar e orientarse nun plano do patio escolar.</li> <li>- Coñecer os preparativos para realizar unha marcha.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>marcando rumbos nun plano.</li> <li>- Realización dunha marcha polo medio natural do noso Concello.</li> <li>- Coñecemento, goce, coidado e valoración da natureza.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>actividades ao aire libre, identificando e realizando accións concretas dirixidas á súa preservación.</li> </ul>	<p>EFB6.4.2. Utiliza os espazos naturais respectando a flora e a fauna do lugar.</p>	<p>CSC CAA</p>
---	---	---	--	--------------------

## **5.- PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.**

Partiremos dunha avaliación **inicial** do alumnado coa realización de probas iniciais.

A avaliación será **continua** ao longo do curso, empregando:

- Observación directa.
- Rexistros individuais.
- Fichas de seguimento.
- Listas de control.
- Listas de cotexo.
- Rúbricas

## **6.- DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL.**

Realizarase na primeira Unidade Didáctica do curso.

Ao inicio de cada Unidade Didáctica, na primeira sesión da mesma, tamén se realizará unha avaliación inicial co fin de coñecer o grao de desenvolvemento e os coñecementos previos dos alumnos/as ante as novas aprendizaxes.

En canto aos instrumentos usaranse: a observación directa, as listas de control, listas de cotexo e distintos tests motores.

## 7.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

Ámbitos de cualificación	Criterios	%
Práctica das actividades propostas	Motricidade xeral, habilidades básicas, xogos e deportes	50
Aspectos actitudinais e desenvolvemento de valores	Participación	5%
	Atención e interese	5%
	Esforzo	5%
	Comportamento e respecto cara ao mestre	5%
	Comportamento e respecto cara aos compañeiros/as	5%
	Coidado do material e instalacións	5%
Control de hábitos	- Vestimenta axeitada para a área e hixiene posterior.	10
Realización de outras tarefas	- Traballos de equipo (p.e. búsqueda e elaboración de xogos), investigacións coas Tics,...	10

### \* **Cualificación das sesións de Educación Física: actitude e control de hábitos**

O finalizar cada sesión de Educación Física, das distintas unidades didácticas, rexístrase a actitude e os hábitos de cada alumno/a en dita sesión.

A actitude cualificarase cun valor de 0 a 3 puntos. Teranse en conta seis aspectos cun valor de 0.5 puntos cada un, estes aspectos son: a participación, a atención e interese mostrado, o esforzo, o comportamento e respecto cara o mestre, o comportamento e respecto cara os/as compañeiros/as e o coidado do material e das instalacións

Os hábitos cualificaranse cun valor de 0 a 1 punto. Terase en conta a vestimenta axeitada, a hixiene posterior e o coidado do corpo.

**\* Cualificación das probas prácticas: motricidade xeral, habilidades básicas e xogos e deportes**

En cada unidade didáctica realizaranse varias probas prácticas, nas que se avalía a motricidade xeral, as habilidades básicas e a aptitude para os xogos e deportes.

O número de probas prácticas está en función dos contidos de cada unidade didáctica. As probas prácticas poden ser tanto individuais como colectivas, dependendo tamén do tipo de contidos traballados. No caso das probas colectivas, valorarase a creación e a realización grupal e a realización individual.

O valor destas probas prácticas será de 0 a 5 puntos.

**\* Cualificación de outras tarefas**

As tarefas de investigación, traballos escritos, recompilación e posta en práctica de xogos, ... terán un valor de 0 a 1 puntos.

**\* Cualificación de cada trimestre**

A nota final de cada trimestre será a suma da media da nota actitudinal e control de hábitos das distintas sesións máis a nota media das probas prácticas desenvolvidas nas distintas Unidades Didácticas e a cualificación das outras tarefas.



A relación entre a nota numérica e a cualificación será a seguinte:

CUALIFICACIÓN	VALOR NUMÉRICO
<b>Insuficiente</b>	Inferior a 5 puntos
<b>Suficiente</b>	De 5 puntos a menos de 6 puntos
<b>Ben</b>	De 6 puntos a menos de 7 puntos
<b>Notable</b>	De 7 puntos a menos de 9 puntos
<b>Sobresaínte</b>	De 9 puntos a 10 puntos

Suspenderase a materia nese trimestre si se obtén unha nota inferior a 5 puntos.

A avaliación é continua, polo que un alumno ou alumna recuperará un trimestre suspenso se logra aprobar o trimestre seguinte.

**\* Cualificación do curso e promoción**

A nota final do curso dependerá da nota dos tres trimestres, buscando unha nota media e tendo en conta a progresión ó longo do curso e que a avaliación é continúa.

Un alumno ou alumna promocionará se logra aprobar o terceiro trimestre.

**8.- AVALIACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN.**

Aspectos a avaliar	Si-Non	Propostas de mellora
- As Unidades Didácticas programadas cobren todos os estándares establecidos para o curso.		

- Os contidos contribúen a desenvolver os obxectivos.		
- Hai coherencia entre todos os compoñentes da programación: obxectivos, temporalización,...		
- O tratamento dos contidos é integrador e equilibrado.		
- A acción didáctica faise en función do nivel inicial do alumnado.		

## **9.- ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E OS REFORZOS.**

- Partir dunha avaliación inicial que permita detectar os seus coñecementos previos e o nivel motriz no que se atopa, para poder proporcionarlle situacións de aprendizaxe significativas.
  
- Adaptarse ás características individuais e sociais de cada alumno/a.
  
- Ofrecer unha cultura común, respectando as peculiaridades de cada cultura propia.
  
- Adoptar unha metodoloxía que favoreza a aprendizaxe de todo o alumnado na súa diversidade.
  
- Estudar as posibilidades educativas da titorización entre iguais, programando actividades en parellas ou pequeno grupo formadas por alumnado heteroxéneo con diferentes niveles de destreza.
  
- Realizar as adaptacións curriculares necesarias para asegurar que se poida manter un ensino no que todos caiban. Coas súas diferenzas, necesidades educativas e intereses persoais específicos.

## **10.- METODOLOXÍA, MATERIAIS E RECURSOS.**

### **10.1. Liñas metodolóxicas.**

A metodoloxía orientarase ao desenvolvemento do alumno/a, integrando as súas experiencias e aprendizaxes. O ensino terá un carácter persoal e adaptarase aos distintos ritmos de aprendizaxe de cada alumno/a.

Dende un tratamento global do ensino, o desenvolvemento das capacidades motoras debe tratarse xunto ao doutras capacidades, potenciando para iso estruturas organizativas que favorezan o traballo conxunto do equipo docente relacionado coa Área de Educación Física.

Convén valorar o proceso de aprendizaxe, reflexionando constantemente sobre as súas actuacións e considerando o progreso do alumno/a en relación co traballo realizado e a súa evolución e non unicamente en función dos resultados obtidos. A participación en tarefas de clase, a súa actitude, o nivel de comunicación establecido, etc., serán contemplados na avaliación.

A sistematización do proceso de ensino-aprendizaxe permitirá adecuarse ás diferenzas e peculiaridades dos alumnos/as, detectadas mediante unha avaliación inicial. A planificación xoga un papel importante na intervención a partir da devandita situación, considerando que as diferenzas individuais non deben supoñer formulacións discriminatorias, senón que todos os alumnos/as deben progresar e desenvolver, na medida das súas posibilidades, as capacidades que se traballan na área. Por iso establécense controis físicos periódicos, así como a solicitude de información detallada aos pais a principios de curso sobre enfermidades, dificultades, problemática persoal, etc.

Na aprendizaxe desta etapa o xogo constitúe o eixe en torno ao cal deben xirar as actividades motoras, xa sexa de forma regulada ou espontánea.

O desenvolvemento de habilidades e destrezas debe partir daquelas consideradas como básicas, que teñen que estar sistematizadas e atender ao logro das habilidades xenéricas para posteriormente alcanzar as específicas.

Neste curso o traballo vai dirixido fundamentalmente ao desenvolvemento de habilidades básicas e xenéricas enlazadas e combinadas (carreira + pase, bote + carreira, etc.), como base para a iniciación á práctica de habilidades deportivas.

Co desenvolvemento destas habilidades non se busca o éxito deportivo, senón o desenvolvemento harmónico das capacidades dos alumnos/as. Proporase unha variada gama de actividades que poidan practicarse no contorno, favorecendo a transferencia a posteriores etapas educativas e a diferentes momentos de ocio e recreación.

O tempo destinado á Educación Física debe programarse coidadosamente. Deste modo determinaremos períodos relacionados coa iniciación ou quecemento, coa relaxación ou volta á calma e co aseo na finalización das sesións.

Buscaremos materiais que posúan un carácter multifuncional e carente de perigosidade que favorezan notablemente a práctica da Educación Física.

En todo momento haberá que garantir a seguridade dos alumnos/as, valorando periodicamente o seu estado físico co obxecto de evitar riscos e acondicionando as actividades propostas ao desenvolvemento normal de cada alumno/a. O coidado das instalacións e o seu uso, a manipulación correcta dos materiais, a adecuación dos exercicios aos niveis dos alumnos/as,... son algúns dos factores que inciden no aumento da seguridade na práctica da Educación Física.

O papel do mestre é básico para a eliminación dos estereotipos, potenciando a igualdade de roles e a participación en grupos mixtos. A súa función non debe limitarse a unha proposta de tarefas senón que debe animar á realización

positiva destas á vez que establecer medidas equilibradas que fagan da sesión de Educación Física un espazo lúdico pero tamén de "traballo planificado".

Os agrupamentos dos alumnos/as variarán en función dos obxectivos a conseguir e das tarefas a realizar.

Utilizaranse nas distintas sesións as diferentes metodoloxías e estilos de ensino propios da área: mando directo, asignación de tarefas, microensinanza, etc.

Teremos en conta aos alumnos con problemas de adaptación escolar realizando adaptacións curriculares en función das súas características e peculiaridades. Prestarase atención aos agrupamentos, a adaptación das tarefas, etc.

En función dos obxectivos que perseguimos neste curso e das características evolutivas e motoras dos nenos/as deste nivel propónse unha metodoloxía específica da área que se caracteriza por:

-O/A alumno/a non será un mero realizador das tarefas propostas, senón que debe coñecer o porqué destas, favorecendo unha aprendizaxe comprensiva.

-Partiremos de condutas motoras globais para dirixirnos cara a movementos máis específicos e analíticos.

-Utilizaremos durante todo o proceso de ensino técnicas mixtas, en función do contido a traballar e do momento da sesión. Os medios de expresión empregados habitualmente serán verbais e visuais, a través de explicacións e demostracións por parte do mestre e/ou dalgún/ha compañeiro/a.

-As tarefas e actividades deben ser motivadoras e atractivas. Isto pode conseguirse a través do xogo, da proposición de novas actividades que supoñan unha superación persoal (atendendo tamén ao seu nivel de esforzo) e da diversidade de materiais e contornos.

-O proceso de ensino-aprendizaxe debe favorecer situacións de interacción para fomentar a participación e cooperación entre o alumnado e así favorecer a súa socialización, xa que neste período adoitan aparecer pequenos grupos de amigos.

-En todo momento debe garantirse a seguridade dos alumnos/as.

-A iniciación deportiva, baseándose no traballo previo de habilidades básicas e xenéricas, buscará potenciar o xogo global por enriba dunha aprendizaxe técnica exhaustiva. Por iso, traballaranse deportes novidosos e xogos con materiais alternativos, sen descoidar os deportes tradicionais.

O bloque de actividade física e saúde presidirá a formulación e execución de todas as actividades así como o final destas, xa que se destinará o tempo suficiente ao inicio e remate de cada sesión para o queceamento e o aseo persoal. Estará controlado polo propio mestre de Educación Física.

## **10.2. Materiais e recursos.**

Ás clases de Educación física acudirán con roupa cómoda (preferentemente chándal) e calzado deportivo.

Instalacións: Pavillón polideportivo municipal (fóra do recinto escolar), ximnasio, patios de recreo e vestiarios. Tamén utilizaremos a aula de informática e a biblioteca.

Pequeno material: Panos de cores, aros, pelotas, balóns brandos, picas, cordas, conos, pelotas escuma, petos, sacos de area, corda longa, ladrillos, pelotas de tenis, balóns de balonmán, raquetas ...

Alternativo: Cartóns con números, báscula, saltómetro, xices, ficha de anotacións, disco voador, globos, papel continuo, tesoiras, fita adhesiva, pinturas de cores, pas de praia, maracas, campaña, caixas, froitas diversas, pratos de plástico, escarvadores, bandexas, panos, periódicos, goma elástica, pandeireta, tarxetas con nomes de animais, tea grande, rodas, indiacas, chapas, cartolina con pistas, envases de iogur, rodas, latas, botellas,...

Recursos do contorno: Sendeiros, monte,...

## **11.- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

En canto se detecten dificultades de aprendizaxe nalgún alumno ou alumna, poñeranse en funcionamento as medidas de reforzo educativo que se consideren máis convenientes e que poderán ser tanto organizativas como curriculares.

Así, entre os obxectivos prioritarios que se deben ter en conta no traballo educativo con este alumnado, hai que destacar os seguintes:

- Potenciar a súa autonomía persoal: desenvolvemento de destrezas motrices, hábitos hixiénicos e de autocoidado ou de habilidades sociais; establecendo niveis de esixencia progresivos, congruentes e constantes.
- Favorecer a participación activa do alumno/a nas clases.
- Proporcionarlle medios de expresión eficientes e claros que permitan unha fácil comunicación cos demais.
- Fomentar a capacidade de socialización, facilitando a interacción en todos os ambientes, ademais do escolar, sobre todo en actividades sociais de ocio e de lecer.
- Valorar non só os resultados senón tamén o esforzo e o proceso levados a cabo.
- Propor ao alumnado situacións nas que poida percibir os propios éxitos como resultado exclusivamente da súa habilidade e competencia.
- O traballo cooperativo e en grupo pode favorecer a todo o alumnado, reforzando as aprendizaxes e as relacións positivas entre eles.

En definitiva, a intervención educativa desde a área de Educación Física debe contribuír ao seu desenvolvemento global a partir das súas potencialidades.

Entre estas medidas encóntranse o apoio dentro do grupo ordinario, o apoio ocasional fóra do grupo ordinario, os agrupamentos flexibles e as adaptacións do currículo.

Programaranse actividades de reforzo e de ampliación para os distintos alumnos e alumnas que poidan necesitalo.

Procurarase a integración nesta área dos alumnos/as con escolarización en aula específica, por ser esta área unha das que máis favorecen a interacción social do alumnado.

Se fose necesario o alumno/a con necesidades educativas especiais contará cun apoio na aula para facer efectiva a súa participación nas actividades de grupo.

## **12. EDUCACIÓN EN VALORES E CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA AO PLAN DE CONVIVENCIA.**

Aproveitaremos as situacións de interrelación que se dan habitualmente nas sesións de Educación Física como axentes privilexiados de socialización e reflexión. O carácter vivencial da área e as numerosas situacións que se producen usarémolas para reflexionar e dialogar cos alumnos/as.

Nesta programación traballarase con carácter transversal temas comúns de cara a favorecer os seguintes valores:

- Educación do consumidor: desmitificaremos a carga consumista que levan os artigos deportivos e sobre todo determinadas marcas e personaxes dese mundo.
- Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos: prestarase especial atención as actitudes, ao vocabulario, aos feitos, á organización da clase e ao traballo para que non se produza ningunha discriminación sexista. Á hora de formar grupos ou equipos fomentarse a coeducación, procurando sempre grupos ou equipos mixtos.



- Educación para a paz: os conflitos que poidan xurdir trataranse de resolver a través do diálogo e da comprensión da outra persoa. Ademais promoveranse as actitudes básicas para a convivencia: respecto, diálogo, solidariedade e participación.
- Educación ambiental: desenvolveranse actitudes de coidado do contorno e protección do mesmo, prantexando máis que un simple respecto, a participación activa na reconstrución do mesmo.
- Educación para a saúde: traballarase para que o alumno/a vaia tomando conciencia das posibilidades e limitacións do seu corpo, da relación que hai entre a propia saúde e o xeito de utilizar o corpo: as actitudes posturais, os hábitos sedentarios, a práctica de actividades físicas de xeito regular, etc. Procurarase que o alumno/a coñeza, practique e desenvolva hábitos de hixiene física e mental, axeitados á súa propia realidade, favorecedores da autoestima, do seu benestar e dun corpo san.
- Educación sexual: posibilitarase o coñecemento da propia realidade corporal, evitando toda carga morbosa sobre a sexualidade.
- Educación moral e cívica: prestarase atención a actitudes de autoestima e de respecto, baseadas no coñecemento e aceptación das posibilidades e limitacións corporais e de movemento tanto propias como dos outros. Así mesmo, estarán presentes actitudes de aceptación das diferenzas, de solidariedade e cooperación.

### **13. FOMENTO DA LECTURA , TRATAMENTO DAS TIC E CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO.**

Usaremos a biblioteca, os recursos multimedia e as procuras na rede para:

Buscar información sobre deportes, xogos populares e tradicionais, deportistas relevantes e fazañas deportivas de interese.

Realizar traballos de investigación sobre os aspectos anteriormente relacionados.

Procura de información sobre diferentes xogos e deportes doutras culturas do mundo.

Procura de información sobre mensaxes e estereotipos referidos ao corpo e das condutas e actitudes antideportivas que antepoñen o resultado ao xogo limpo e ó pracer pola práctica da actividade física en si.

Procuras de información sobre temas de actualidade deportiva realizando unha valoración crítica.

Consultas referidas ao binomio actividade física e saúde, buscando a adopción de hábitos saudables por parte dos/as alumnos/as.

Aproveitaremos os 5/10 primeiros minutos de cada clase para a lectura e comentario de fichas, noticias de interese ..., . As celebracións cíclicas ou competicións dos distintos deportes (día do peón, carreira do magosto, bádminton na escola, campionatos de fútbol, baloncesto, balonmán, moto GP, Fórmula 1...),. Cando se considere oportuno, traballarase na aula de informática.

Tal e como se recolle no Proxecto Lingüístico do noso centro a Área de Educación Física impartirase en galego.

Nos materiais que se elaboren tamén será o galego a lingua que utilizaremos.

Participarase, dentro das posibilidades da área, nas actividades de animación sociolingüística que propoña o EDLG do centro.

## **14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.**

Daráselle a máxima publicidade ás actividades lúdico deportivas que organicen o concello, outras asociación deportivas, clubs... tanto dentro coma fóra do centro e do horario escolar. Sempre que se considere a súa idoneidade para os alumnos e a súa capacidade formativa.

Fomentarase a práctica de xogos populares e outras actividades deportivas alternativas ao fútbol nos tempos de recreo. Intentarase neste curso distribuír e

marcar campos de xogos e ofertar material para o seu uso nos tempos de recreo.

Participarase e colaborarase en todas as actividades propostas polos distintos equipos do centro: EDLG, Biblioteca, Tics e Convivencia, así como aquelas que poidan xurdir ao longo do curso e que se estimen convenientes.

Desde a Área de Educación Física téñense recoñecidas e estudadas varias rutas de sendeirismo do noso Concello (Sendeiro dos Muíños desde a aldea de Lamas; Rutas polo Río Sar..) que se ofertarán para realizar cando se estime oportuno.

## 15.- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

<b>PRIMEIRO TRIMESTRE</b>							
<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN</b>							
<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</b>	<b>CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN</b>		<b>INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN</b>				
	Grao Mínimo Consecución	Peso Cualificación	Proba Escrita	Proba Oral	Trab. Indiv	Trab. Grupo	Obs. Aula
EFB1.1.1. Adopta unha actitude crítica ante as modas e a imaxe corporal dos modelos publicitarios.	40	15			40	30	30
EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros e compañeiras as características dun xogo practicado na clase e o seu desenvolvemento.	50	20			60	20	20
EFB1.1.3. Recoñece e cualifica negativamente as condutas inapropiadas que	70	45			40	30	30

se producen na práctica ou nos espectáculos deportivos.							
EFB1.1.4. Demuestra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades.	50	20			70	10	20
EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita.	15	10			40	30	30
EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo ás pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza e utilizando programas de presentación.	15	10			70	20	10
EFB1.2.3. Expón as súas ideas de forma coherente e exprésase de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.	40	80			70	20	10
EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha	70	25			50	30	20

mellora da competencia motriz.							
EFB1.3.2. Demuestra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade e creatividade.	60	25			80	10	10
EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.	40	10			80	10	10
EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.	40	10			50	30	20
EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.	50	20			50	30	20
EFB1.3.6. Recoñece e respecta as normas de educación viaria en contornos habituais e non habituais.	50	10			60	20	20
EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de	70	60			40	40	20

competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.							
EFB2.1.2. Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades.	50	40			40	40	20
EFB3.1.1. Adapta os desprazamentos a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.	40	50			60	30	10
EFB3.1.2. Adapta a habilidade motriz básica de salto a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.	30	50			60	30	10

EFB4.2.1. Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nas actividades expresivas.	40	40			50	30	20
EFB4.2.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices implicadas nas actividades artístico-expresivas.	50	60			50	30	20
EFB5.1.1. Interésase por mellorar as capacidades físicas.	70	10			60	20	20
EFB5.1.2. Relaciona os principais hábitos de alimentación coa actividade física (horarios de comidas, calidade/cantidade dos alimentos inxeridos etc.).	90	25			60	30	10
EFB5.1.3. Recoñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e os prexudiciais do sedentarismo, dunha dieta desequilibrada e do consumo de	100	40			70	20	10



alcohol, tabaco e outras substancias..							
EFB5.1.4. Adopta e promove hábitos posturais axeitados na súa vida cotiá e na práctica da actividade física, recoñecendo a súa importancia para saúde.	80	20			80	10	10
EFB5.1.5. Realiza os quecementos de forma autónoma e sistemática, valorando a súa función preventiva.	60	5			20	50	30
EFB5.2.1. Mostra unha mellora global con respecto ao seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde.	40	15			30	40	30
EFB5.2.2. Identifica a súa frecuencia cardíaca e respiratoria, en distintas intensidades de esforzo.	70	45			30	40	30

Programación da Área de Educación Física para Sexto de Primaria

EFB5.2.3. Adapta a intensidade do seu esforzo ao tempo de duración da actividade.	60	35			40	40	20
EFB5.2.4. Identifica o seu nivel comparando os resultados obtidos en probas de valoración das capacidades físicas e coordinativas cos valores correspondentes á súa idade	20	5			60	20	20
EFB5.3.1. Explica e recoñece as lesións e enfermidades deportivas máis comúns, así como as accións preventivas e os primeiros auxilios básicos.	40	100			30	40	30

<b>SEGUNDO TRIMESTRE</b>							
<b>ESTÁNDARES DE APENDIZAXE, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN</b>							
<b>ESTÁNDARES DE APENDIZAXE</b>	<b>CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN</b>		<b>INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN</b>				
	Grao Mínimo Consecución	Peso Cualificación	Proba Escrita	Proba Oral	Trab. Indiv	Trab. Grupo	Obs. Aula
EFB1.1.1. Adopta unha actitude crítica ante as modas e a imaxe corporal dos modelos publicitarios.	40	15			40	30	30
EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros e compañeiras as características dun xogo practicado na clase e o seu desenvolvemento.	50	25			60	20	20
EFB1.1.3. Recoñece e cualifica negativamente as condutas inapropiadas que se producen na práctica ou nos espectáculos deportivos.	50	30			30	30	40

EFB1.1.4. Demuestra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades.	50	30			70	10	20
EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita.	15	10			40	30	30
EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo ás pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza e utilizando programas de presentación.	15	10			70	20	10
EFB1.2.3. Expón as súas ideas de forma coherente e exprésase de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.	40	80			70	20	10
EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.	70	25			50	30	20

Programación da Área de Educación Física para Sexto de Primaria

EFB1.3.2. Demuestra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade e creatividade.	60	25			80	10	10
EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.	40	10			80	10	10
EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.	40	10			50	30	20
EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.	50	20			50	30	20
EFB1.3.6. Recoñece e respecta as normas de educación viaria en contornos habituais e non habituais.	50	10			60	20	20
EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da	70	60			40	40	20

clase.							
EFB2.1.2. Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades.	50	40			40	40	20
EFB3.1.2. Adapta a habilidade motriz básica de salto a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.	30	20			60	30	10
EFB3.1.3. Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo etc.) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, aplicando correctamente os xestos e utilizando os segmentos dominantes e non dominantes.	60	50			60	30	10
EFB3.1.4 Aplica as habilidades motrices de xiro a	30	20			70	30	

diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, tendo en conta os tres eixes corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.							
EFB3.1.5. Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.	30	10			70	30	
EFB4.1.1. Representa personaxes, situacións, ideas, sentimentos, utilizando os recursos expresivos do corpo individualmente, en parellas ou en grupos.	40	50			40	40	20
EFB4.1.2. Representa ou expresa de forma creativa movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente, en parellas ou grupos.	10	15			40	40	20
EFB4.1.3. Coñece, propón e leva a cabo bailes e danzas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha	5	5			40	40	20

coreografía establecida.							
EFB4.1.4. Constrúe e leva a cabo composicións grupais en interacción cos compañeiros e compañeiras utilizando os recursos expresivos do corpo e partindo de estímulos musicais, plásticos ou verbais.	20	30			20	60	20
EFB6.1.1. Utiliza os recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en diferentes situacións motrices.	40	50			50	50	
EFB6.1.2. Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais.	40	50			60	40	
EFB6.3.1. Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nos exercicios.	30	15			60	30	10
EFB6.3.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades	30	15			60	30	10



Programación da Área de Educación Física para Sexto de Primaria

físicas para a mellora das habilidades motrices.							
EFB6.3.3. Distingue na práctica de xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.	40	35			50	30	20
EFB6.3.4. Describe os exercicios realizados, usando os termos e coñecementos que sobre o aparello locomotor se desenvolven na área de Ciencias da natureza.	40	35			70	20	10

<b>TERCEIRO TRIMESTRE</b>							
<b>ESTÁNDARES DE APENDIZAXE, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN</b>							
<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</b>	<b>CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN</b>		<b>INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN</b>				
	Grao Mínimo Consecución	Peso Cualificación	Proba Escrita	Proba Oral	Trab. Indiv	Trab. Grupo	Obs. Aula
EFB1.1.1. Adopta unha actitude crítica ante as modas e a imaxe corporal dos modelos publicitarios.	40	15			40	30	30
EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros e compañeiras as características dun xogo practicado na clase e o seu desenvolvemento.	50	25			60	20	20
EFB1.1.3. Recoñece e cualifica negativamente as condutas inapropiadas que se producen na práctica ou nos espectáculos deportivos.	50	30			30	30	40

EFB1.1.4. Demuestra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades.	50	30			70	10	20
EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita.	15	10			40	30	30
EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo ás pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza e utilizando programas de presentación.	15	10			70	20	10
EFB1.2.3. Expón as súas ideas de forma coherente e exprésase de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.	40	80			70	20	10
EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.	70	25			50	30	20

EFB1.3.2. Demuestra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade e creatividade.	60	25			80	10	10
EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.	40	10			50	30	20
EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.							
EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.	50	20			50	30	20
EFB1.3.6. Recoñece e respecta as normas de educación viaria en contornos habituais e non habituais.	50	10			60	20	20
EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da	70	60			40	40	20

clase.							
EFB2.1.2. Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades.	50	40			40	40	20
EFB3.1.3. Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo etc.) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, aplicando correctamente os xestos e utilizando os segmentos dominantes e non dominantes.	60	50			60	30	10
EFB3.1.6. Realiza e propón actividades físicas e xogos no medio natural ou en contornos non habituais, adaptando as habilidades motrices á diversidade e incerteza procedente do contorno e ás súas posibilidades.	30	50			70	30	
EFB6.1.1. Utiliza os recursos adecuados para resolver	40	50			50	50	

situacións básicas de táctica individual e colectiva en diferentes situacións motrices.							
EFB6.1.2. Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais.	40	50			60	40	
EFB6.2.1. Expón as diferenzas, características e/ou relacións entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades natureza.	40	25			40	30	30
EFB6.2.2. Recoñece a riqueza cultural, a historia e a orixe dos xogos e os deportes tradicionais de Galicia.	50	35			40	30	30
EFB6.2.3. Realiza e pon en valor distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia respectando os principios e regras específicas destes.	60	40			60	30	10
EFB6.3.1.	30	15			60	30	10

Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nos exercicios.							
EFB6.3.2. Reconece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices.	30	15			60	30	10
EFB6.3.3. Distingue na práctica de xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.	40	35	50	30	20		
EFB6.3.4. Describe os exercicios realizados, usando os termos e coñecementos que sobre o aparello locomotor se desenvolven na área de Ciencias da natureza.	40	35			70	20	10
EFB6.4.1. Faise responsable da eliminación dos residuos que se xeran nas actividades no	90	50			50	50	

Programación da Área de Educación Física para Sexto de Primaria

medio natural.							
EFB6.4.2. Utiliza os espazos naturais respectando a flora e a fauna do lugar.	100	50			40	30	30



## 16.- AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE

Indicadores de logro da práctica docente	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado				
2. Ofrecense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo				
7. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe				
8. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar				
9. Ofrecense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas/traballos, etc.				
10. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
11. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros				
12. Grao de implicación do profesorado nas funcións de tutoría e orientación				
13. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas				
14. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares				
15. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

## 17.- AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO

Indicadores de logro do proceso de ensino	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado				
4. Conseguiuse a participación das familias no traballo do alumnado				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo				
13. O nivel das instalacións no que se desenvolven as sesións de traballo é, en xeral, axeitado				
14. As condicións en que se desenvolven as clases son, en xeral, satisfactorias				